

Os datos reais do PMP do 3 trimestre de 2016 son os seguintes:

Pagos realizados: 74,10 días, sobre 95.792,29 €

Pendientes de pago: 86,17 días, sobre 88.740,35 €

PMP: 79,90 días (PMP trimestre anterior: 130,77)

Feitos relevantes nese período: Pagos:

Neste trimestre ten relevancia a normalización de pagos pendentes de subvención, os máis importantes dos cales son as nóminas de brigada de incendios (que supoñen gastos efectuados pero que non contabilizan no PMP).

Pendientes de pagos:

Neste trimestre ten relevancia o vencemento dunha Operación de tesourería e a necesidade de prever a realización de pagos de obras por importe de 85.305,00 Euros (factura non presentada no trimestre), antes do 15 de outubro e con carácter previo ao ingreso da subvención, o que obriga a reter pagos no mes de setembro. Deste xeito a redución do PMP é moi inferior ao previsto (de 130,77 a 79,90).

En canto á evolución previsíbel do PMP do vindeiro trimestre e estando prevista a realización de varias e importantes obras, vai depender da rapidez das administracións concedentes (Xunta de Galiza e Deputación) en efectuar o pagos a este concello.

Manteño a miña recomendación de anteriores informes no sentido de, INFORMAR NEGATIVAMENTE a aceptación de subvencións en caso de que conleven a contratación a cargo deste concello e á súa aprobación polo concello antes da recepción monetaria do seu importe.

Insisto na necesidade de limitar a exposición deste concello ás subvencións, independentemente da necesidade de incrementar os ingresos do concello e/ou reducir os gastos para obter unha tesourería máis saneada.

Vilasantar, 25 de outubro de 2016.

O secretario-interventor

Afonso Bieito Lorenzo Penela

Recibín copia
O alcalde

Asdo. Fernando Pérez Fernández